

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre o Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M.P., a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Universidade de Vigo, Geseco Aguas, SA e SA de obras y servicios Copasa para a realización conxunta do proxecto de I+D+i “Detección de Sars-Cov-2 en estacións depuradoras de augas residuais e dominio público hidráulico a través de bioindicadores mariños”

1 Antecedentes

A expansión do coronavirus SARS-CoV-2 provocou unha pandemia que puxo de manifesto as debilidades dos sistemas sanitarios dos países máis desenvolto. Neste contexto, é necesario a procura de solucións rápidas e efectivas que permitan conter a expansión da pandemia cun consumo mínimo de recursos.

O virus SARS-CoV-2 atopouse nas feces e ouriños de pacientes confirmados COVID-19, convertendo ás augas residuais nun candidato prometedor para o seguimento da epidemia. O virus SARS-CoV, estreitamente relacionado con SARS-Cov-2, detectouse en augas residuais de hospitais chineses durante a pandemia de SRAS 2002-2003, e a epidemioloxía de augas residuais utilizouse para a detección temperá e a mitigación directa de brotes de enfermidades en Israel, Exipto e Suecia.

En Europa, utilizando métodos moleculares, o virus que causa COVID-19 detectouse nas augas residuais do aeroporto Schiphol de Amsterdam, en Tilburg e na planta de tratamento de augas residuais de Kaatsheuvel (Países Baixos). Esta planta trata as augas residuais de Loon op Zand, a cidade onde vive o primeiro paciente COVID-19 reportado nos Países Baixos. A detección do SARS-CoV-2 en mostras de auga residual en Amersfoort (Países Baixos) produciuse antes de que se reportase ningún caso de COVID-19 no sistema sanitario. O grao substancial de transmisión presintomática e asintomática, un dos grandes retos asociados á xestión da pandemia de COVID-19, fai que se postule como particularmente conveniente a análise en augas residuais tanto para detección prematura de posibles brotes como para contribuír a determinar a evolución da epidemia nas comunidades analizadas.

Investigadores do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e a Universitat de València desenvolveron un sistema de análise molecular que pode alertar da circulación do coronavirus SARS-CoV-2 (causante da enfermidade Covid-19) nunha comunidade, a partir do estudo das súas augas residuais. O sistema de análise, que podería ser útil como método de vixilancia epidemiolóxica, probouse en seis depuradoras da Región de Murcia e en tres depuradoras da área metropolitana de Valencia. As análises demostraron que os tratamentos de desinfección nas depuradoras son eficaces na eliminación da presenza do virus.



2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio é establecer a colaboración científico-técnica entre o CSIC, a través do Instituto de Investigacións Mariñas, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Universidade de Vigo, a mercantil Geseco augas, S.A. e a mercantil S.A. de obras e servizos Copasa, na realización conxunta do proxecto de I+D+i “Detección de SARS- CoV-2 en redes de saneamento, en estacións depuradoras de augas residuais e no dominio público hidráulico a través de bioindicadores mariños”, consistente nas investigacións necesarias para determinar a presenza de virus mediante análise nas augas residuais en plantas depuradoras e a través de bioindicadores mariños; en función dos resultados das análises poderase estimar a carga viral e a infectividade do virus, así como facer unha modelización da evolución da enfermidade.

En particular, o convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta do proxecto, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación do proxecto, os dereitos e obrigacións das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a responsabilidade e a resolución dos posibles conflitos.

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

A análise das augas residuais e bioindicadores mariños para a detección da carga viral de SARS-CoV-2 permitirá, cun gasto mínimo de recursos, determinar a extensión e evolución da pandemia nunha comunidade. Esta información poderá ser usada polas autoridades sanitarias para a xestión de recursos sanitarios e toma de decisións no relativo ao confinamento da poboación. A análise das augas residuais permitirá detectar o xurdimento de novos brotes de forma temperá, así como establecer o risco de contaxio a través das augas residuais e o punto de vertedura no dominio público hidráulico. A metodoloxía deste proxecto poderase extrapolar a toda a Comunidade Autónoma de Galicia e a outras zonas territoriais que requiran o seguimento da evolución da pandemia cun gasto mínimo de recursos.

A Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, regula no seu artigo 34 a posibilidade de que os axentes públicos de financiamento ou execución do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, incluídas as administracións públicas, as universidades públicas, os organismos públicos de investigación da Administración Xeral do Estado, os consorcios e fundacións participadas polas administracións públicas, os organismos de investigación doutras



administracións públicas e os centros e institucións do Sistema Nacional de Saúde, poidan subscribir convenios administrativos entre eles ou con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, nacionais, supranacionais ou estranxeiros, para a realización conxunta de, entre outras, as seguintes actividades:

- a) Proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación.
- c) Financiamento de proxectos científico-técnicos singulares.
- f) Uso compartido de inmobles, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación

Geseco Augas, S.A. e S.A. de Obras e Servizo Copasa son compañías mercantís e pertencentes ao mesmo grupo empresarial, que contan entre as súas funcións as de promoción, xestión e explotación de toda clase de concesións administrativas. En concreto, as estacións depuradoras onde se desenvolveran tarefas relacionadas con este convenio e onde se van realizar mostraxes de auga para analizar no marco deste convenio (Nigrán, Baiona, Cambados, Gondomar, O Grove, Melide, Ares, Cedeira, Moraña, Muros, Porto do Son e Pobra do Caramiñal), son xestionadas por Geseco Augas, S.A. Ambas compañías contan con gran experiencia e coñecementos no campo da explotación, mantemento e conservación de estacións depuradoras de augas residuais e redes de colectores, contando para iso con persoal altamente cualificado para os labores tanto de control e supervisión do proceso depurativo, como de mantemento das instalacións. Dentro da responsabilidade social corporativa do grupo atópase dar resposta á demanda da sociedade. Para cumprir esa necesidade desenvolveu este grupo empresarial ideou este proxecto. A achega de ambas compañías neste proxecto será a achega do coñecemento e experiencia no sector das augas residuais, achega de técnicos para a elección de mostraxe en campo e elaboración de informes técnicos.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

4 Estimación de custos e financiamento

O custo total do proxecto estímase en sesenta e nove mil catrocentos quince euros con cincuenta e oito céntimos (69.415,58 €), Augas de Galicia achegará dentro do exercicio 2020, unha contía



máxima de dezaoito mil euros (18.000,00€), con cargo ao seu programa de actuacións, investimentos e financiamento para o exercicio 2020, e o gasto imputarase á conta 6232, “estudos e traballos técnicos” do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

(asinado dixitalmente)

